

Luns, 22 de xaneiro de 2024

Núm. 15

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO
TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA DE PONTEVEDRA**ANUNCIO*

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de xullo 2023, adoptou o seguinte acordo:

**15.— PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO
TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA DE PONTEVEDRA. EXPTE. 1471/1102.**

Dáse conta da proposta de data 11/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución da nova Corporación tralas eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Real Decreto 417/2006, do 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario (BOE do 24 de abril de 2006), establece en su artículo 14, punto 5.d) referido a composición dos Consellos Territoriais da Propiedad Inmobiliaria que formará parte dos mesmos como vogal, un representante do Concello de VIGO no Consello Territorial da propiedade Inmobiliaria de Pontevedra.

E por isto que somete a consideración da Xunta de Goberno Local conforme o art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.— Nomear representantes do Concello de Vigo no Consello Territorial da propiedade Inmobiliaria de Pontevedra ao concelleiro de Área de Goberno de orzamentos e Facenda, D. Jaime Aneiros Pereira e como suplente, a Xefa da Inspección de Tributos, Dna. M.^a del Carmen Pazos Area.

Segundo.— Comunicar este acordo á Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e, para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.



Luns, 22 de xaneiro de 2024

Núm. 15

Terceiro.— O presente acordo publicarase na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.— Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

SGF

Vigo na data de sinatura dixital.

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución de data 20.06.2023 e 28.06.2023, BOP nº 129 de data 5.07.2023 e 28.06.2023).

